

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2021/G005/000031.

Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática o vindeiro mércores, día 11 de agosto, ás 10:00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

1. CONTRATACIÓN DA OBRA "PASARELA PEONIL NO CARRIL DO XUÍZO". APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2021-C002-000045.

2. CONTRATACIÓN MEDIANTE CATRO LOTES DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, PROGRAMACIÓN, DESENVOLVEMENTO, EXECUCIÓN, DIVULGACIÓN E DIFUSIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS A REALIZAR PARA A MELLORA DA EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS, DENTRO DA ESTRATEXIA GLOBAL DE DINAMIZACIÓN, RECONSTRUCCIÓN E REACTIVACIÓN DA ECONOMÍA LOCAL (2021/2022) NO MUNICIPIO DE LUGO. EXP REF. 2021/C003/000007. ADXUDICACIÓN.

PERSOAL

3. INFORME-PROPOSTA RESOLUCIÓN RECURSO DE ALZADA PRESENTADO EN DATA 9/05/2021 EN RELACIÓN AO PROCESO SELECTIVO DE DUNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS DO CONCELLO DE LUGO, MEDIANTE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2016), SEGUNDO A CONVOCATORIA REALIZADA POR DECRETO Nº 19005018 DE 06/06/2019 DO CONCELLO DE LUGO.

FACENDA LOCAL

4. LICENZAS URBANÍSTICAS.- REGULARIZACIÓN DAS SITUACIÓNS TRIBUTARIAS EN CONCEPTO DE TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS, Ó DENEGARSE AS LICENZAS DE OBRAS PRESENTADAS.

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

ACTAS E GOBERNO

RBB/cal

Refª: ispac5781092380747557789.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-8-2021

LICENZAS

5. LICENZA URBANÍSTICA PARA A EXECUCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN DE 8,70 M. DE LONXITUDE E UNHA ALTURA ENTRE 2.00 M. E 1.50 M., NA RÚA RÍO LEA, NÚMERO 4.

6. LICENZA URBANÍSTICA PARA A INSTALACIÓN DE PORCHE PARA AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN DE CARÁCTER TRADICIONAL, CON LICENCIA DE ACTIVIDADE PARA RESTAURANTE 34/2013, NO NÚCLEO RURAL DE MESON DE CRECENTE, NÚMERO 4, SAN PEDRO DE MERA, .(Expte: 2020/Y001/000048).

7. LICENZA PARA SUBSTITUCIÓN DE DOUS ASCENSORES NA EDIFICACIÓN SITA NA AVENIDA GARABOLOS, NÚMERO 1 (EXPTE: 2021/G004/000687).

8. LICENZA PARA PARCELAMENTO DUNHA PARCELA EN TRES PARCELAS, SITA NO NÚCLEO RURAL DE NADELA-SEOANE-AIREXE-PENA.

ÁREA DE ALCALDÍA

ACTAS E GOBERNO

9. RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO 14/364 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9 DE XUÑO DE 2021, RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DE BENS AO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN PAGO DE DÉBEDAS NON CUBERTAS

ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

CASA DA MULLER

10. APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO, NO FOMENTO DO DEPORTE FEMININO, OCIO E ACTIVIDADES CULTURAIS QUE FOMENTEN A INTEGRACIÓN DA MULLER OU NA PROMOCIÓN, A ORIENTACIÓN, O ASESORAMENTO E A FORMACIÓN SOBRE DEREITOS HUMANOS EN MATERIA LGTBI+ E SOBRE DIVERSIDADE SEXUAL E DE XÉNERO. EJERCICIO ECONÓMICO 2021.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarlo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao Secretario Xeral do Pleno, por substitución da Vicesecretaria, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e á Xefa do Servizo de Fiscalización Previa, en funcións de Interventora Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,